

**Acta núm. 21/2021.
 Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
 do 5 de outubro de 2021.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:
 María Rosa Romero Fariña.
 José Luis Sampedro Bouzas.
 Sandy Marie Cebral Gómez.
 Carlos Noya Pereira.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 14,00 horas do 5 de outubro de 2021, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 20/2021, DO 14.09.2021.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) PRÓRROGA DE COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 5º) LICENZAS DE SEGREGACIÓN.
- 6º) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 7º) MODIFICACIÓNS DE LICENZAS DE SEGREGACIÓN.
- 8º) MODIFICACIÓNS DE LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 9º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 10º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 20/2021, DO 14.09.2021.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 14.09.2021, acta núm. 20/2021.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ ANTONIO AGRAFOJO VIÑAS, na que comunica que vai construír unha edificación auxiliar illada (alpendre) de 45 m², dunha única planta e escasa entidade construtiva, con bloque de formigón e tella como material de cubrición na parcela sita en Coruxido 57 – Bastavales.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 7403605NH2470S0001YE) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- .- As fachadas do alpendre estarán convenientemente revestidas e pintadas.
- .- O alpendre situarase mínimo a 3 metros de tódolos lindeiros e a 5 metros mínimo do eixe do vial.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 150,89 euros.
- .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 215,46 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ANTONIA RAMÓN DIEZ, na que comunica que vai realizar obras de conservación, de escasa entidade, para garantir as condicións de illamento e estanquidade da vivenda sita en Ombre 15 - Viceso, substituíndo dúas fiestras de carpintería de madeira de cor verde en mal estado por fiestras novas de carpintería de aluminio de cor verde, similares ás existentes na fachada principal, e retirada dun tabique interior de ladrillo.

A edificación na que se van realizar as obras (referencia catastral 0271508NH2407S0001TW) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 32,28 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 96,85 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por PURIFICACIÓN TOMÉ MARTÍNEZ, na que comunica que vai realizar obras de conservación da vivenda sita en Mourentáns 34 - Viceso, encintando os muros de pedra, enfuscando as paredes de ladrillo e substituíndo as tellas actuais en mal estado por tella cerámica nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume da mesma.

A parcela onde se pretenden executar as obras (referencia catastral 1373507NH2417S0001AY) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 (NRO-1) do PXOM, sitúase dentro dunha aldea integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave VE2 e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- As paredes de ladrillo enfuscadas deberán ser convenientemente pintadas en cores claros ou branco.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 98,80 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 163,37 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CLARA CRISTELA RODRÍGUEZ NÚÑEZ, na que comunica que vai realizar obras de conservación, de escasa entidade, para garantir as condicións de illamento e estanquidade da vivenda sita en Lamiño 48 – Brión, substituíndo a tella en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

A edificación na que se van realizar as obras (referencia catastral 6661401NH2466S0001KO) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 157,60 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 222,17 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSEFINA GROBAS LAGO, na que comunica que vai realizar obras de conservación da vivenda sita en Soutullos 11 - San Salvador, substituindo a totalidade da tella en mal estado por tella nova; sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A edificación onde se van realizar as obras (referencia catastral 7426401NH2472N0001QY) emprázase sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 (UC1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 72,64 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 137,21 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CRISTINA VILLVERDE PARGA, na que comunica que vai realizar as seguintes obras na vivenda sita en Cabreiros 18, Brión, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da edificación:

.- Limpeza e encintado das fachadas de pedra.

.- Reparación da cuberta substituindo a totalidade da tella en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

.- Substitución da carpintería exterior de madeira por nova carpintería no mesmo material, sen modificar a dimensión dos ocós actuais.

.- Reparación do pavimento de formigón interior.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 6161405NH2466S0001WO) emprázase sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 (UC2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 660,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 724,57 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARI CARMEN LIÑARES REY, na que comunica que vai construír un peche en Cirro, de aproximadamente 211,00 metros, con postes de madeira e arame, estando 52,00 metros en contacto coa vía pública.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 7731314NH2473S0001RI) emprázase parte sobre un ámbito de solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-2) do PXOM e parte en solo rústico séndolle de aplicación o disposto na Lei 2/2016 do solo de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- .- A altura máxima do peche será de 1,80 metros, medidos desde a rasante natural do terreo.
- .- O peche en contacto coa vía pública situarase mínimo a 4,00 metros do eixe do vial.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 18,15 euros.
 - .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 82,72 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA DEL CARMEN ANICETO GONZÁLEZ, na que comunica que vai reparar e pintar tódalas fachadas da vivenda sita en Soigrex 48, Os Ánxeles, para garantir as condicións de estanquidade e illamento.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 000800500NH24D00D1JX) emprázase sobre un ámbito de solo apto para urbanizar, séndolle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016 do solo de Galicia para o solo rústico.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 35,83 euros.
- Total: 35,83 euros.

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar unha liña subterránea de baixa tensión en Liñares 62, Brión, en condutor XZ1 0,6/1 KV 2x(1x50) mm² Al, con inicio no paso aéreo subterráneo proxectado en apoio existente HV-250/9, ata a situación da CPM a instalar polo cliente no límite da súa propiedade coa vía pública. Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gabia dunha lonxitude total de 6 metros, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Rubén Fervenza Nicolás, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo o 24.06.2021, visado nº 22101002.

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 5852815NH2455S0001TA) está clasificada como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2) e nela existe unha vivenda que conta con licenza de primeira ocupación outorgada pola Xunta de Goberno Local o 25.05.2021.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 378,83 €, que se imputará ao aval global número 0049-1600-41-2110110292, emitido polo Banco Santander S.A. e presentado no Concello o 07/05/2021, r.e. 20210000001282.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 15,77 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 80,34 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión, en Chave de Ponte, Bastavales, dende o punto de acceso á rede proxectada ata a conexión RBT existente e abrir pontes no apoio HV250/9, para mellorar a calidade da subministración na aldea. Para canalizar o mencionado condutor realizárase unha gabiá dunha lonxitude total de 149,00 metros, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Victoriano González Lemos, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo o 30/06/2021, visado nº 22101033.

A actuación realizarase en terreo clasificado como solo rústico segundo a Disposición transitoria primeira da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 1.882,62 €, que se imputará ao aval global número 0049-1600-41-2110110292, emitido polo Banco Santander S.A. e presentado no Concello o 07/05/2021, r.e. 20210000001282.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 316,52 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 381,09 euros.

CUARTO.- PRÓRROGA COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Verónica Rodríguez Casal, que di actuar en representación da C.P URBANIZACIÓN ALDEA DO RÍO PEGO, na que se solicita prórroga do prazo de remate das obras de reparación puntuais da cuberta e terrazas do portal nº1 e nº 9.

Na data 06.05.2020 a Xunta de Goberno Local tomou coñecemento e autorizou as labores de reparación puntuais da cuberta e terrazas do portal nº1 e nº9, para evitar filtracións de auga en varias vivendas e rochos.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade:

1º) Conceder unha prórroga de seis meses para o remate das obras.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por EDUARDO GONZÁLEZ FIDALGO, na que se solicita prórroga do prazo de remate das obras de conservación nun alpendre sito na Avd. de Noia nº 1 – Os Ánxeles.

Na data 05.08.2020 a Xunta de Goberno Local tomou coñecemento e autorizou as obras de conservación nun alpendre sito na Avd. de Noia nº1 – Os Ánxeles, substitución da tella existente en mal estado por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade:

1º) Conceder unha prórroga de seis meses para o remate das obras.

QUINTO.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Jesús Chaves Rivas, que di actuar en representación de DOLORES RODRÍGUEZ GARCÍA e JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ GARCÍA, na que solicita licenza de segregación da parcela con referencia catastral 8242701NH2484S0001MY, situada en Outeiro, Os Ánxeles, segundo proxecto de segregación redactado polo enxeñeiro técnico agrícola José Ramón Pardal Pardal, visado polo Colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas (A Coruña-Pontevedra) con data 03.08.2021, visado número CO- 20210488.

Descrición da parcela de orixe:

Referencia catastral: 8242701NH2484S0001MY.

Superficie: 2.625 m² (segundo medición recente).

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural da zona leste, en áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

Lindes:

Norte: camiño existente.

Sur: Manuel Míguez Villar (1095), Gerardo Freire Portas (1097), Josefa Vázquez Couselo (1098) e zona excluída.

Leste: Rosalía Nimo Patrón (1093).

Oeste: zona excluída.

Segregación pretendida:

Parcela matriz resultante:

Superficie neta: 544 m².

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural da zona leste, en áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1)

Lindes:

Norte: zona excluída (catastral 8242702NH2484S de Obdulia Pedrouzo Raña) e camiño despois de parcela cedida.

Sur: zona excluída (catastral 8242703NH2484S de José Ferreiro Rodríguez).

Leste: parcela segregada I.

Oeste: zona excluída (catastral 8242702NH2484S de Obdulia Pedrouzo Raña e mais dos solicitantes)

Parcela segregada I:

Superficie neta: 895 m².

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural da zona leste, en áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1)

Lindes:

Norte: camiño existente despois de parcela cedida.

Sur: Josefa Vázquez Couselo (1098), hoxe José Manuel Freire Vázquez (catastral 8242707NH2484S) e, en parte, Gerardo Freire Portas (1097), hoxe Xosé Eliseu Mera Quintas (catastral 8242723NH2484S).

Leste: parcela segregada 2.

Oeste: parcela matriz resultante e zona excluída (catastral 8242703NH2484S de José Ferreiro Rodríguez).

Parcela segregada 2:

Superficie neta: 1.049 m².

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural da zona leste, en áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1)

Lindes:

Norte: camiño existente despois de parcela cedida.

Sur: Gerardo Freire Portas (1097), hoxe Xosé Eliseu Mera Quintas (catastral 8242723NH2484S) e María Amparo Buján López (catastral 8242724NH2484S) e, en parte Manuel Míguez Villar (1095), hoxe María Isabel Míguez Pérez (catastral 8242710NH2484S).

Leste: Rosalía Nimo Patrón (1093), hoxe Rosa María Carnota Fraga (catastral 8242709NH2484S).

Oeste: parcela segregada I.

Cesións:

Superficie: 137 m².

Lindes:

Norte: camiño existente.

Sur: parcela matriz resultante, parcela segregada I e parcela segregada 2.

Leste: Rosalía Nimo Patrón (1093), hoxe Rosa María Carnota Fraga (catastral 8242709NH2484S).

Oeste: zona excluída.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión dos terreos de 137 m² ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-.Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 258,28 euros.

Total: 258,28 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por MANUEL PATO MAGARIÑOS, na que solicita licenza de segregación da parcela con referencia catastral 5358606NH2455N0001DE, situada en Brión de Abaixo, Brión, segundo proxecto de segregación redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Pedro María Melero Cao, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos e Peritos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra), visado número 612/21.

Identificación da finca:

Referencia catastral: 5358606NH2455N0001DE.

Superficie: 2.412 m² (segundo medición recente).

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

Lindes:

Norte: camiño.

Sur: Josefina Pereira Pérez (260).

Leste: camiño, zona excluída e horta de Sofía Martínez Mosquera e Ana Mosquera Chorén.

Oeste: camiño.

Segregación pretendida:

Finca 259-a (parcela segregada):

Superficie neta: 1.092 m².

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

Lindes:

Norte: resto finca 259 (resultante deste proxecto).

Sur: Josefina Pereira Pérez (260).

Leste: zona excluída e horta de Sofía Martínez Mosquera e Ana Mosquera Chorén.

Oeste: parcela que se cede ao Concello de Brión para ampliación de viais.

Resto finca 259 (resto finca matriz):

Superficie neta: 1.092 m².

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

Lindes:

Norte: parcela que se cede ao Concello de Brión para ampliación de viais.

Sur: finca 259-a (resultante deste proxecto).

Leste: zona excluída e parcela que se cede ao Concello de Brión para ampliación de viais.

Oeste: parcela que se cede ao Concello de Brión para ampliación de viais.

Parcela cesión:

Superficie neta: 228 m².

Lindes:

Norte: camiños.

Sur: Josefina Pereira Pérez (260) e resto finca 259 (resultante deste proxecto).

Leste: zona excluída, camiño, resto finca 259 (resultante deste proxecto) e finca 259-a (resultante deste proxecto).

Oeste: camiños e resto finca 259 (resultante deste proxecto).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión dos terreos de 228 m² ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 129,14 euros.

Total: 129,14 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por MARÍA ISABEL REBOREDO PARDO, SANTIAGO MOURIÑO MOURELLE e ANTONIO-PERFECTO MOURIÑO MOURELLE, na que solicitan licenza de agrupación e segregación das parcelas con referencia catastral

5169101NH2456N0001RB, 5169102NH2456N0001DB e 5168401NH2456N0001AB, situadas en Trasouteiro, Brión, segundo proxecto de segregación redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Pedro María Melero Cao, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña- Pontevedra) visado núm 651/21.

Identificación da finca 91-a:

Referencia catastral: 5169101NH2456N0001RB.

Superficie: 443 m² (segundo medición recente).

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre dous ámbitos de solo:

- . 345 m² aséntanse sobre solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).
- . 98 m² aséntanse sobre solo clasificado como solo rústico, segundo a disposición transitoria primeira da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

Lindes:

Norte: zona excluída.

Sur: estrada da Igrexa a Mourentáns que a separa de José González Martelo e outros (101).

Leste: zona excluída e descoñecidos (91-b).

Oeste: zona excluída.

Identificación da finca 92:

Referencia catastral: 5169102NH2456N0001DB e 5168401NH2456N0001AB.

Superficie: 6.685 m²(segundo medición recente).

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre dous ámbitos de solo;

- . 6.655 m² aséntanse sobre solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).
- . 30 m² aséntanse sobre solo clasificado como solo rústico, segundo a disposición transitoria primeira da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

Lindes:

Norte: zona excluída e camiño que a separa de Maximina González Martelo e outros (93).

Sur: estrada da Igrexa de Brión a Mourentáns.

Leste: camiño.

Oeste: María- Dolores Vázquez Gesto e outros (91-a).

Está finca está dividida en dúas porcións por un camiño que a atravesa en dirección sur-este.

Segregación pretendida:

RESTO FINCA 91-a:

Superficie neta: 420 m².

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre dous ámbitos de solo;

- . 322 m² aséntanse sobre solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).
- . 98 m² aséntanse sobre solo clasificado como solo rústico, segundo a disposición transitoria primeira da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

Lindes:

Norte: zona excluída.

Sur: nunha pequena parte, estrada da Igrexa de Brión a Mourentáns e, no resto, terreo que cede neste proxecto ao Concello de Brión para a ampliación de viais (PARCELA CESIÓN 1) e despois a citada estrada.

Leste: nunha pequena parte, terreo que se cede neste proxecto ao Concello de Brión para ampliación de viais (PARCELA CESIÓN 1) e, no resto, a parcela que neste proxecto se segrega da finca 92 de concentración parcelaria baixo a identificación de PARCELA SEGREGADA C.

Oeste: zona excluída.

PARCELA CESIÓN 1:

Superficie neta: 23 m².

Lindes:

Norte: en principio RESTO FINCA 91-a e, na conclusión deste proxecto, NOVA FINCA 91-a resultante do mesmo.

Sur: estrada da Igrexa de Brión a Mourentáns.

Leste: terreo que se cede neste proxecto ao Concello de Brión para ampliación de viais baixo a identificación (PARCELA CESIÓN 2).

Oeste: en principio, RESTO FINCA 91-a e, na conclusión deste proxecto, NOVA FINCA 91-a resultante do mesmo.

PARCELA SEGREGADA A:

Superficie neta: 811 m².

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

Lindes:

Norte: terreo que neste proxecto se cede ao Concello de Brión para ampliación de viais (PARCELA CESIÓN 2) e despois, nunha parte, camiño, e no resto, outro camiño que separa de Maximina González Martelo e outros (93).

Sur: terreo que neste proxecto se cede ao Concello de Brión para ampliación de viais (PARCELA CESIÓN 2) e despois estrada da Igrexa de Brión a Mourentáns.

Leste: terreo que neste proxecto se cede ao Concello de Brión para ampliación de viais (PARCELA CESIÓN 2) e despois camiño do lugar.

Oeste: terreo que neste proxecto se cede ao Concello de Brión para ampliación de viais (PARCELA CESIÓN 2) e despois camiño.

PARCELA SEGREGADA B:

Superficie neta: 862 m².

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

Lindes:

Norte: zona excluída.

Sur: terreo que neste proxecto se cede ao concello de Brión para ampliación de viais (PARCELA CESIÓN 2) e despois estrada da Igrexa de Brión a Mourentáns.

Leste: RESTO FINCA 92 resultante deste proxecto.

Oeste: en principio, PARCELA SEGREGADA C que se describe a continuación e, á conclusión do proxecto, NOVA FINCA 91-a resultante do mesmo.

PARCELA SEGREGADA C:

Superficie neta: 525 m².

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre dous ámbitos de solo:

- . 495 m² aséntanse sobre solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

- . 30 m² aséntanse sobre solo clasificado como solo rústico, segundo a disposición transitoria primeira da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

Lindes:

Norte: zona excluída.

Sur: terreo que neste proxecto se cede ao Concello de Brión para ampliación de viais (PARCELA CESIÓN 2) despois estrada da Igrexa de Brión a Mourentáns.

Leste: PARCELA SEGREGADA B resultante deste proxecto.

Oeste: RESTO FINCA 91-a.

RESTO FINCA 92:

Superficie neta: 3.715 m².

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

Lindes:

Norte: en parte zona excluída e, no resto, terreo que neste proxecto se cede ao Concello de Brión para a ampliación de viais (PARCELA CESIÓN 2) e despois camiño que separa da zona excluída.

Sur: terreo que neste proxecto se cede ao Concello de Brión para ampliación de viais (PARCELA CESIÓN 2) e, en parte, estrada da Igrexa de Brión a Mourentáns e, no resto, camiño.

Leste: terreo que neste proxecto se cede ao Concello de Brión para ampliación de viais (PARCELA CESIÓN 2) e despois camiño.

Oeste: PARCELA SEGREGADA B resultante deste proxecto.

PARCELA CESIÓN 2:

Superficie neta: 772 m².

Lindes:

Norte: na porción maior, camiño, outro camiño que separa de Maximina González Martelo (93) e PARCELA SEGREGADA A resultante deste proxecto e, na porción maior, camiño, outro camiño que separa de Maximina González Martelo (93) e PARCELA SEGREGADA A resultante deste proxecto e, na porción menor, camiño que separa de zona excluída, RESTO FINCA 92 resultante deste proxecto, PARCELA SEGREGADA C resultante deste proxecto, se ben na conclusión deste proxecto, NOVA FINCA 91-a resultante do mesmo.

Sur: na porción maior, estrada da Igrexa de Brión a Mourentáns e PARCELA SEGREGADA A resultante deste proxecto (na porción oeste).

Leste: na porción maior, camiño do lugar e PARCELA SEGREGADA A resultante deste proxecto e, na porción menor, camiño.

Oeste: na porción maior camiño e PARCELA SEGREGADA A resultante deste proxecto e, na porción menor, RESTO FINCA 92 resultante deste proxecto e terreo que se cede neste proxecto ao Concello de Brión para ampliación de viais (PARCELA CESIÓN 1).

AGRUPACIÓN PRETENDIDA:

Agrupanse as parcelas “RESTO FINCA 91-a” e a parcela “PARCELA SEGREGADA C”:

NOVA FINCA 91-a :

Superficie neta: 945 m².

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre dous ámbitos de solo:

- . 817 m² aséntanse sobre solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2).

- . 128 m² aséntanse sobre solo clasificado como solo rústico, segundo a disposición transitoria primeira da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

Lindes:

Norte: zona excluída.

Sur: nunha pequena parte, estrada da Igrexa de Brión a Mourentáns e, no resto, terreo que neste proxecto se cede ao Concello de Brión para a ampliación de viais (PARCELA CESIÓN 1 e PARCELA CESIÓN 2) e despois a antedita estrada.

Leste: nunha pequena parte, terreo que neste proxecto se cede ao Concello de Brión para ampliación de viais (PARCELA CESIÓN 1) e, no resto, parcela segregada B resultante deste proxecto.

Oeste: zona excluída.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión dos terreos de 23 m² e 772 m², ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 258,28 euros.

Total: 258,28 euros.

SEXTO.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Alejandro Jesús García Rodríguez, que di actuar en representación de MARÍA JOSÉ SERRAMITO RODRÍGUEZ, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar en Liñares 61, Brión.

A Xunta de Goberno Local do XGL do 26.03.2019, concedeu licenza de obra maior para construír unha vivenda unifamiliar en Liñares 61, Brión, segundo proxecto básico e de execución redactado por Alejandro García & Arquitectos S.L.P, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 16.01.2019 e o 21.02.2019.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado polo arquitecto Alejandro García Rodríguez con data 02.08.2021, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 17.08.2021, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 8,70 euros.

- Taxa pola licenza de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 105,55 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por ALADINO RAMÓN FERNÁNDEZ VÁZQUEZ e ROSA MARÍA TANOIRA CONDE, na que solicitan licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar en Bemil 43, Bastavales.

A Xunta de Goberno Local do XGL do 25.06.2019, concedeu licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Bemil 43, Bastavales, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Angel Canabal Chamosa, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 18.03.2019 e documentación complementaria visada o 29.05.2019 e 10.06.2019 (expte nº 1901404).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado polo arquitecto J. Angel Canabal Chamosa con data 30.06.2021, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 31.08.2021, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa pola licenza de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 96,85 euros.

SETIMO.- MODIFICACIÓNS DE LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ALFONSO AGRAFOJO GARCÍA e JOSÉ RAMÓN AGRAFOJO GARCÍA, na que solicita emendar varios erros na concesión da licenza de segregación outorgada pola Xunta de Goberno Local o 24/07/2015, para segregar unha parcela en Romarís, Bastavales, proxecto de segregación redactado polo arquitecto técnico Javier Suárez del Río, visado no Colexio Oficial de Aparelladores, Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros de Edificación da Coruña e documentación complementaria presentada no Concello o 27/05/2015 (r.e.2358).

Comprobado o proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico Javier Suárez del Río, visado polo Colexio oficial de aparelladores e arquitectos técnicos con data 02.07.2021, número de expte. VN15000759, existen os seguintes erros materiais:

- .- Na denominación das Parcelas 1502-Adicional e 969, lindantes á que foi obxecto de segregación 1503-Adicional, no que atañe ao lindeiro Norte da Parcela 6 e Sur e Este da Parcela 7.
- .- Na transcripción dos datos correspondentes ás parcelas nº 1 e 7, respecto da descrición do expediente de segregación redactado.

Visto o informe favorable da arquitecta municipal, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, consonte co disposto no art. 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, acorda:

1º) Rectificar os erros materiais advertidos no acordo de concesión da licenza pola Xunta de Goberno Local do 24/07/2015, segundo o proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico Javier Suárez del Río, visado polo Colexio oficial de aparelladores e arquitectos técnicos con data 02.07.2021, número de expte. VN15000759, nos seguintes termos:

Onde di:

“Parcela 1:

Superficie: 816 m².
 Clasificación urbanística: solo de núcleo rural (NRL-1).
 Parcela mínima/Lei: 500 m².
 Lindes:
 Norte: irmáns Martínez Rivas.
 Sur: parcela 2 e parcela 3.
 Leste: parcela 7 e parcela 3.
 Oeste: camiño.”

Debe dicir:

Parcela 1:

Superficie: 816,20 m².
 Clasificación urbanística: solo de núcleo rural (NRL-1).
 Parcela mínima/Lei: 500 m².
 Lindes:
 Norte: irmáns Martínez Rivas.
 Sur: parcela 2 e parcela 3.
 Leste: parcela 7 e parcela 3.
 Oeste: camiño.

Onde di:

“Parcela 6:

Superficie: 1252,75 m².
 Clasificación urbanística: solo de núcleo rural (NRL-1), nunha extensión de 902,55 m² e parte na zona de expansión de núcleo (NRL-2), nunha extensión de 350,20 m².
 Parcela mínima/Lei: 500 m².
 Lindes:
 Norte: parcela nº 969.
 Sur: camiño e parcela 5.
 Leste: camiño.
 Oeste: parcela 5 e parcela 7.”

Debe dicir:

Parcela 6:

Superficie: 1252,75 m².
 Clasificación urbanística: solo de núcleo rural (NRL-1), nunha extensión de 902,55 m² e parte na zona de expansión de núcleo (NRL-2), nunha extensión de 350,20 m².

Parcela mínima/Lei: 500 m².
 Lindes:
Norte: parcela 1502- adicional.
 Sur: camiño e parcela 5.
 Leste: camiño.
 Oeste: parcela 5 e parcela 7.

Onde di:

“Parcela 7:

Superficie: 2514,65 m².
 Clasificación urbanística: solo rústico de protección agropecuaria (RC).
 Parcela mínima/Lei: 3000 m². Pero neste caso o deslinde axústase ao deslinde efectuado polo planeamento municipal, polo que esta parcela de resultado é conforme á lexislación urbanística vixente.
 Lindes:
 Norte: parcela nº 1502-adicional, irmáns Martínez Rivas e parcela nº 969.
 Sur: parcelas nº 1, 2, 3, 4 e 5 e en sesgo cos irmáns Martínez Rivas e parcela nº 969.
 Leste: parcela nº 969 e parcela 6.
 Oeste: irmáns Martínez Rivas, parcela 1 e en sesgo parcelas nº 3, 4 e 5.”

Debe dicir:

Parcela 7:

Superficie: 2514,65 m².
 Clasificación urbanística: solo rústico de protección agropecuaria (RC).
 Parcela mínima/Lei: 3000 m². Pero neste caso o deslinde axústase ao deslinde efectuado polo planeamento municipal, polo que esta parcela de resultado é conforme á lexislación urbanística vixente.
 Lindes:
 Norte: parcela nº 1502-adicional, irmáns Martínez Rivas e parcela nº 969.
Sur: parcelas nº 1, 3, 4 e 5 e en sesgo cos irmáns Martínez Rivas e parcela nº 1502-adicional.
Leste: parcela nº 1502-adicional e parcela 6.
 Oeste: irmáns Martínez Rivas, parcela 1 e en sesgo parcelas nº 3, 4 e 5.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
 -.Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
 Total: 64,57 euros.

OITAVO.- MODIFICACIÓNS DE LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por IGNACIO MÚGICA FANJUL de solicitude de modificación da licenza urbanística concedida pola Xunta de Goberno Local o 09.02.2021, para construír unha vivenda unifamiliar e unha edificación auxiliar en Lamiño 67, Brión, segundo proxecto de execución redactado por Ezcurra e Ouzande arquitectura SLP, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 16.12.2020; para a incorporación expresa da aceptación da cesión dos terreos situados fora das aliñacións segundo plano de emprazamento recollido no proxecto licenciado.

A modificación pretendida non modifica a implantación da edificación no terreo, a edificabilidade nin a ocupación.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade a aceptación da cesión efectuada de 120,20 m², destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 20.a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 6 de setembro de 2021.

b) Deuse conta dunha instancia presentada María del Rial Lourido Priegue, que di actuar en representación de YANINA GRISEL IZQUIERDO FRICK e AURELIO COUSO CAMBEIRO, de

solicitude de modificación da licenza de obra maior concedida pola Xunta de Goberno Local o 09.02.2021, para construír unha vivenda unifamiliar e piscina en Saime 27, Bastavales, segundo a documentación técnica asinada polo arquitecto Javier Fernández Echeverría, visada polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 22.02.2021, n.r.e. 1906443.

A modificación pretendida cumpre as condicións de implantación da edificación no terreo, e consiste en:

.- Modifícase a superficie de cesión, que aumenta de 111 m² a 219 m², e polo tanto a superficie neta da parcela, que se reduce de 723 m² a 615 m², segundo a comprobación e medición in situ.

.- Modifícase a ocupación, que aumenta de 19,91% a 25,36 %, como consecuencia da modificación da superficie neta da parcela.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a modificación da licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a modificación da aceptación da cesión efectuada, 219 m², destinada a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 6 de setembro de 2021.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 64,57 euros.

NOVENO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ALEJANDRO FREIRE RODRÍGUEZ E YOLANDA BOTANA FERNÁNDEZ solicitando licenza para construír unha vivenda no lugar de Cirro nº 36, San Salvador, segundo "Reformado do expediente de legalización de vivenda e proxecto básico e de execución das obras necesarias para a súa legalización", asinado polo arquitecto Jesús M. Carrillo Pena, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 16.09.2021 (expte. nº 2006197).

A parcela onde se van realizar as obras (referencia catastral 7629407NH2472N0001IY) atópase clasificada como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra axustarse estritamente ao "Reformado do expediente de legalización de vivenda e proxecto básico e de execución das obras necesarias para a súa legalización", asinado polo arquitecto Jesús M. Carrillo Pena, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 16.09.2021 (expte. nº 2006197).

-. Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (8m² aceptados pola XGL do 27.07.2021), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (formigón coloreado en 1,80 metros de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- A obtención da licenza para a vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 1.477,39 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 1.573,42 euros.

DÉCIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González